

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE MARZO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e nove de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde dona Lúa Sanguñedo Álvarez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde en funcións don Juan González Leirós, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Óscar A. Garcia Patiño e don Juan González Leirós.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución número 2022/12573, do 10 de marzo, da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa MA100, de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2022". (Boletín Oficial da Provincia número 56, do 23 de marzo de 2022).

- Resolución da Axencia Galega das Industrias Culturais, de 10 de marzo de 2022, pola que se aproban as bases xerais de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de artes escénicas e de música, e se aproba a convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT 213A). (Diario Oficial de Galicia número 58, do 24 de marzo de 2022).

- Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de 17 de marzo de 2022, pola que se amplía a dotación do Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do

patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). (Diario Oficial de Galicia número 58, do 24 de marzo de 2022).

- Orde da Consellería de Sanidade, de 23 de marzo de 2022, pola que se prorrogan a Orde de 22 de outubro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas a consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde de 14 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde de 29 de setembro de 2021, pola que se aproba o novo Plan de ocio nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 59-Bis, do 25 de marzo de 2022).

- Orde da Consellería de Sanidade, de 23 de marzo de 2022, pola que se prorrogan a Orde de 16 de novembro de 2021, pola que se aproba a esixencia de determinadas medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia no que se refire aos centros hospitalarios, e a Orde de 14 de decembro de 2021, pola que se establecen medidas preventivas de seguridade sanitaria consistentes na exhibición de documentación que acredite o cumprimento de determinados requisitos para o acceso a certos establecementos, no que se refire aos centros sociosanitarios residenciais de maiores e de persoas con discapacidade. (Diario Oficial de Galicia número 59-Bis, do 25 de marzo de 2022).

- Resolución 15.240/2022, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa DP0029 dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2022. Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "Financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo en 2022" cun importe de subvención de 13.044,80 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 59, do 28 de marzo de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao 24 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 436/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 492/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
436/2022	18-03-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de marzo de 2022
437/2022	18-03-2022	Expediente de reposición da legalidade urbanística por obras realizadas en Pombo, Pravio. Propiedade: MST/MdelCSG
438/2022	18-03-2022	Conceder a de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JCO
439/2022	18-03-2022	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JALB
440/2022	18-03-2022	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: FVR
441/2022	18-03-2022	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: FSCC
442/2022	18-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentos por atoparse no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MEFV
443/2022	18-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCPS
444/2022	18-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EECM
445/2022	18-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: TPAS
446/2022	18-03-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - programa das escolas de actividade física e saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de marzo 2022
447/2022	18-03-2022	Solicitude devolución ingresos indebidos taxa por enganche ao servizo de agua por denegación del JEÁ
448/2022	18-03-2022	Liquidación do orzamento de 2021
449/2022	18-03-2022	Autorización certificado representante de entidade SGS
450/2022	18-03-2022	Procedemento 0000122/2022 modificación substancial condicións laborais demandante JAVM
451/2022	18-03-2022	Conceder a licenza municipal para a para a ocupación de 88 m ² de vía pública durante o mes de febreiro fronte ás fachadas frontal e lateral do edificio sito na rúa Río Brexa, parroquia de Cambre, para a instalación de andamios con motivo das obras de reparación e revestimento das fachadas das bufardas do citado edificio. Solicitante: BD&R, S.L.
452/2022	18-03-2022	Conceder a licenza municipal para a para a ocupación de 88 m ² de vía pública durante o mes de marzo fronte ás fachadas frontal e lateral do edificio sito na rúa Río Brexa, parroquia de Cambre, para a instalación de andamios con motivo das obras de reparación e revestimento das fachadas das bufardas do citado edificio. Solicitante: BD&R, S.L.
453/2022	18-03-2022	Conceder o permiso para a instalación dunha terraza consistente en 6 mesas durante o ano 2022 fronte ao local Casa Manuel situado na rúa Castellana, parroquia de Cambre
454/2022	18-03-2022	Orde de execución polo estado do peche da parcela que linda co camiño público municipal 1c1031- Sobrecarreira Sigrás- FJEdela M
455/2022	21-03-2022	Orde de execución subsidiaria por incumprimento das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas
456/2022	21-03-2022	Licenza de edificación para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Barral, parroquia de Bribes propiedade de FSA
457/2022	21-03-2022	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita en Quintán, Cambre, promovida por M ^a VRM
458/2022	21-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 38.935,94 euros
459/2022	21-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 71.779,36 euros
460/2022	21-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 21.400,95 euros
461/2022	21-03-2022	Incorporación de remanentes 6/2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

462/2022	21-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ND
463/2022	21-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: PMMM
464/2022	21-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NAB
465/2022	21-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MAFS
466/2022	21-03-2022	Desestimación solicitude de baixa no padrón da rede de sumidoiros (MCMS)
467/2022	21-03-2022	Autorización uso locais de ensaio musical de marzo a setembro 2022
468/2022	21-03-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 24 de marzo de 2022
469/2022	21-03-2022	Incorporación de remanentes 7/2022
470/2022	21-03-2022	Nomeamento de docente para impartir a docencia para a preparación dos exames da ESA. Obradoiro Emprego PROXEDIS PROWEB III 2021-22
471/2022	21-03-2022	Solicitude subvención Axencia de Turismo de Galicia - Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)
472/2022	22-03-2022	Expediente de reposición legalidade urbanística pola construción dun alpendre de bloques de formigón e unha soleira de formigón na parcela sita en San Lourenzo de Meixigo, Cambre sen comunicación previa de obras. Propiedade: JLMM
473/2022	22-03-2022	Aprobar a modificación do horario da reserva de espazo de carácter temporal para carga e descarga de mercancías situada fronte ao supermercado DIA na estrada Cambre-Temple, autorizando o seu uso de luns a sábado de 9.00 a 13.00 horas e de 15.00 a 19.00 horas
474/2022	22-03-2022	Orde de execución por vertidos de augas non residuais á estrada DP0102, no lugar de Nebrix, parroquia de Bribes. Propiedade: herdeiros de CPB
475/2022	22-03-2022	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso á oficina e almacén situada na rúa Graduil, parroquia de Cambre. Solicitante: MI, S.L.
476/2022	22-03-2022	Listado de admitidos programa Vente de Marcha; Miño Termal
477/2022	22-03-2022	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita no lugar de Drozo - Cambre promovido por JMCF
478/2022	22-03-2022	Conceder a licenza de primeira ocupación a CPT e se autoriza a devolución do aval depositado para a execución da obra urbanizadora da vivenda sita en Arrigada, Cambre
479/2022	22-03-2022	Corrección erro Resolución nº 2309/2021 de data 20/12/2021
480/2022	22-03-2022	Nomeamento auxiliar administrativo interino Medioambiente
481/2022	22-03-2022	Aprobación do programa de dinamización das feiras de Cambre 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

482/2022	23-03-2022	Subvención obradoiros duais de emprego da C.A. de Galicia para o ano 2022-2023 Proxecto solicitado: PROXEDIS-Cambre
483/2022	23-03-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
484/2022	23-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CRG
485/2022	23-03-2022	Incorporación de remanentes 8/2022
486/2022	24-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social aluguer por non estar empadroada e residir no municipio polo menos con 3 meses de antelación en relación coa data da solicitude. Solicitante: SVGJ
487/2022	24-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social aluguer por existir avalista no contrato de aluguer. Solicitante: CRDSR
488/2022	24-03-2022	Lista provisional e designación do tribunal de técnico de integración social
489/2022	24-03-2022	Aboamento nómina do mes de marzo de 2022
490/2022	24-03-2022	Orde de execución polo derrubamento parcial do muro de cachotería en Penouviña, Cambre . Titular: promociones AAP, S.L.
491/2022	24-03-2022	Solicitude subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, para o ano 2022 (código de procedemento SI435B) , da Secretaría Xeral da Igualdade
492/2022	24-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en baixo comercial sito na rúa Castellana, Cambre. Titular: CAVR

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución de aval á empresa Jardinería Arce, S.L., adxudicataria da obra “Mellora da área recreativa do paseo marítimo do Temple” incluída na actuación “Plan de humanización do “Graxal” proxecto ARUME promovido polo Concello de Cambre e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional de la Unión Europea”. Expediente 12/8-3 OB

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000002, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente ao servizo de “organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares durante un período de dous anos”

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de devolución de aval á empresa Jardinería Arce, S.L., adxudicataria da obra “Mellora da área recreativa do paseo marítimo do Temple” incluída na actuación “Plan de humanización do “Graxal” proxecto ARUME promovido polo Concello de Cambre e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional de la Unión Europea”. Expediente 12/8-3 OB

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que por Resolución do Concelleiro Delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación do 28 de maio de 2012, adxudicouse á empresa Jardinería Arce, S.L. o contrato da obra “Mellora da área recreativa do paseo marítimo do Temple” incluída na actuación “Plan de humanización do “Graxal” proxecto ARUME promovido polo Concello de Cambre e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional de la Unión Europea”. Expediente 12/8-3 OB

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante Seguro de Caución depositado na Tesourería municipal con data 24.05.2012 por importe de 6.687,09 euros con núm. de rexistro 536, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, con data do 28 de decembro de 2021.

Visto o informe de fiscalización número 111/2022 remitido pola Intervención Municipal con data do 23 de marzo de 2022.

A teor do establecido nos arts. 90, 205.3, 283 da Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 6.687,09 euros, depositada pola entidade “Jardinería Arce, S.L.”, no expediente número 12/8-3 OB para a “Mellora da área recreativa do paseo marítimo do Temple” incluída na actuación “Plan de humanización do “Graxal” proxecto ARUME promovido polo Concello de Cambre e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional de la Unión Europea”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000002, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente ao servizo de “organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares durante un período de dous anos”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 14 de febreiro de 2022 asinouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal a memoria xustificativa para a contratación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares durante un período de dous anos, na que constan a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a motivación da non división en lotes e a xustificación da elección do procedemento, cun valor estimado de 212.145,76 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de duración do contrato de 192.859,78 euros sen IVE, 212.145,76 euros IVE incluído, dos cales 105.116,47 euros se corresponden coa primeira anualidade (2022-2023) e 107.029,29 euros se corresponden coa segunda anualidade (2023-2024).

Con data do 16 de febreiro de 2022 asinouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal e polo concelleiro-delegado de Educación, mobilidade, medioambiente e sanidade, informe relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares durante un período de dous anos.

Con data do 15 de marzo de 2022, elaborouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas particulares que rexen a realización da prestación.

Consta documento de retención de crédito con data 15 de febreiro de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 326.22608, por importe de 105.116,47 euros, correspondente á primeira anualidade.

Con data 12 de marzo de 2022 elaborouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal informe relativo á non existencia de duplicidades na prestación do servizo de referencia, complementado co informe de sustentabilidade financeira emitido polo interventor municipal emitido con data do 14 de marzo de 2022.

No informe técnico de 16 de febreiro constan como criterios de adxudicación os seguintes:

Xuízos de valor:

- a) Memoria de execución do programa relativo a cada período vacacional: Ata 10 puntos

Apreciación automática:

- b) Prezo ofertado á baixa: Ata 80 puntos.
- a) Estabilidade no emprego. Porcentaxe de persoal fixo: ata 10 puntos.

Consta na memoria xustificativa e máis no prego de prescricións técnicas particulares o orzamento base de licitación do contrato, así como o seu valor estimado, sendo os que a continuación se relacionan.

Orzamento base de licitación para 2 anos:

Base imponible:	192.859,78 €
IVE (10%):	19.285,98 €
TOTAL:	212.145,76 €

Valor estimado do contrato: 212.145,76 € (prezo sen IVE correspondente ás dúas anualidades do contrato + 10% para posibles modificacións).

Base imponible (2 anos de contrato):	192.859,78 €
10% de posibles modificacións segundo art. 101 da LCSP:	19.285,98 €
TOTAL:	212.145,76 €

Consta a providencia desta Concellería de data 28 de marzo de 2022, de inicio do expediente de contratación, proponendo o procedemento aberto, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 156 e concordantes da LCSP.

Consta informe emitido pola secretaria accidental e polo interventor municipal con data de 28 de marzo de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para desenvolver un programa de accións dirixidas á ocupación do tempo libre e de lecer dos nenos en idade escolar, que se desenvolven nas datas en que non hai curso escolar, (verán, entroido, Nadal e Semana Santa), actividades que veñen incluíndose nun contexto de conciliación da vida familiar e laboral, e véñense realizando no noso Concello dende hai xa anos, polo que o Concello ten interese en garantir a continuidade destes servizos xa establecidos, de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local así como en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre, (art. 25. 2.I da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación número 2022/C004/000002, por procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente ao servizo de "organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de

Cambre nos períodos vacacionais escolares durante un período de dous anos”, cun valor estimado de 212.145,76 euros e un orzamento base de licitación para os dous anos de duración do contrato de 192.859,78 euros sen IVE, 212.145,76 euros IVE incluído; isto, a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 156 e seguintes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 326.22608, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - O técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira e, como suplente, o técnico de administración xeral, xefe da área de urbanismo e réxime interior, don Emilio Martínez Cubero.
 - A dinamizadora cultural, dona Pilar Paz Delgado, e como suplente, a coordinadora deportiva, dona Cristina Sanmartín Sánchez.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a Técnica de Xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Séptimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

A presidenta

Lúa Sanguinheiro Álvarez

A secretaria accidental

Verónica María Otero López